



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Innovación e investigación didáctica

Materia	Innovación e investigación didáctica			
Código	O05G120V01504			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Raposo Rivas, Manuela			
Profesorado	Raposo Rivas, Manuela Sarmiento Campos, José Antonio			
Correo-e	mraposo@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://fcce.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-educacion-primaria/">http://http://fcce.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-educacion-primaria/</a>			
Descrición xeral	<p>O deseño desta materia está pensado para que as futuras mestras/es adquiren a capacidade de reflexionar criticamente sobre o feito educativo en xeral e sobre a súa propia práctica en particular desde un punto de vista científico; entendendo, por tanto, que esta capacidade de reflexión é un instrumento esencial para a mellora educativa e o desenvolvemento profesional da docencia.</p> <p>Os contidos que se propoñen articulan o diálogo epistemolóxico mediante tres bloques de temas: os fundamentos da innovación e a investigación educativa, o seu deseño e desenvolvemento e, finalmente, a práctica da innovación/investigación educativa a través de contidos sobre a difusión e impacto na mellora educativa.</p> <p>As actividades están pensadas como oportunidade para desenvolver as competencias a partir da aplicación e a transferencia dos distintos saberes. Están deseñadas para facilitar a integración conceptual desde unha perspectiva crítica, reflexiva e comprometida co pleno desenvolvemento do educando.</p> <p>É importante tamén que o alumnado comprenda que a innovación/investigación realízase nun contexto educativo concreto e que, por tanto, faise necesario adquirir unha serie de coñecementos e condutas específicos, que teñen como referencia esencial principios éticos e o código deontolóxico da profesión.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas entre os estudantes

B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao período 6-12
C9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C22	Relacionar la educación con el medio, y cooperar con las familias y la comunidad
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D18	Creatividade
D22	Motivación pola calidade

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Promover a calidade dos contextos (aula e centro) nos que se desenvolve o proceso educativo, de modo que garanta o benestar dos alumnos.	A1	B2	C11	D1
	A2	B10		D2
	A3	B12		D6
	A4			D8
	A5			D9
				D15
				D16
				D22
Participar en proxectos de investigación relacionados co ensino e a aprendizaxe, introducindo propostas de innovación encamiñadas á mellora da calidade educativa.	A1	B2	C7	D1
	A2	B10	C16	D2
	A3	B12	C17	D3
	A4			D7
	A5			D8
				D9
				D15
				D16
				D22
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.	A1	B2	C7	
	A2	B10	C9	
	A3			
	A4			
	A5			
Comprender a complexidade, relevancia e necesidade da avaliación como un elemento regulador e promotor da mellora do ensino, da aprendizaxe e da súa propia formación.	A1	B2	C7	D1
	A2	B10	C9	D2
	A3	B12	C11	D8
	A4			D9
	A5			D14
				D15
Desenvolver a capacidade de análise e síntese e potenciar unha actitude crítica e reflexiva ante distintos enfoques e criterios que poidan seleccionar e/ou aplicar na súa futura práctica profesional.	A1	B2		D1
	A3	B10		D2
	A4			D7
	A5			D9
				D15
Desenvolver habilidades de relación interpersoal. Expor e argumentar de forma asertiva e desenvolver a capacidade de relación, comunicación e traballo en equipo, potenciando valores de cooperación e responsabilidade.	A1	B2	C7	D1
	A2	B10	C9	D2
	A3	B12	C11	D8
	A4			D9
	A5			

Asumir a autorreflexión e autoevaluación como unha necesidade profesional e considerar a reciclaxe constante como un mecanismo imprescindible para mellorar na súa práctica profesional	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B10 B12	D1 D2 D7 D8 D9 D16
Coñecer e tomar conciencia da complexidade de características e factores que inflúen no desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo, de linguaxe e autonomía persoal no neno 0 -6 e a necesidade de telos en conta no noso labor docente	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B10 B12	C7 D1 D2 D6 D7 D9
Ser capaces de utilizar a observación sistemática como principal instrumento de avaliación global, formativa e continua das capacidade dos alumnos e elaborar e aplicar diferentes instrumentos de observación e avaliación para nenos de 0 a 12 anos	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B12	C7 D1 D2 D14 D15 D18
Comprender a importancia do traballo colaborativo entre pais, alumnos e equipo educativo e crear e manter ao efecto lazos de comunicación cooperación e colaboración coas familias a través de diferentes estratexias para incidir mais eficazmente no proceso educativo do centro e a acción educativa referida ao grupo de alumnos.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B8	C22 D1 D9
Promover a aprendizaxe autónoma dos alumnos, a curiosidade e o gusto por profundar no saber e a satisfacción do traballo realizado como medio de realización e perfeccionamento que contribúe ao propio equilibrio emocional.	A1 A2 A3 A4 A5	B7 B8	C7 D1 D16

## Contidos

Tema	
BLOQUE I: INNOVACIÓN EDUCATIVA	1.- Fundamentos da innovación educativa e didáctica 2.- A innovación no centro e na aula (Deseño, estratexias e avaliación) 3.- Factores e procesos de cambio e mellora escolar
BLOQUE II: INVESTIGACION EDUCATIVA	4.- Fundamentos da Investigación en Educación e a Investigación Didáctica 5.- O deseño e a metodoloxía da investigación na escola 6.- Difusión e transferencia da investigación educativa

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	34	48
Seminario	14	18	32
Aprendizaxe baseado en proxectos	16	26	42
Estudo de casos	8	10	18
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	4	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	4	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Sesións orientadas á presentación práctica da materia nas que se profundará en aspectos temáticos relevantes que requiren unha atención específica.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Deseño, desenvolvemento e presentación dun traballo de innovación/investigación que implique unha planificación do proceso e a súa execución mediante a recollida, análise e interpretación dos datos.
Estudo de casos	Neste apartado presentaranse ao alumnado varios proxectos de innovación e investigación reais para que analicen, discutan e propoñan alternativas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Durante a realización das diferentes actividades, prestarase atención individualizada e grupal aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Durante a realización dos proxectos (innovación e investigación) prestarase atención idónea aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas referidas á materia.
Estudo de casos	Durante a análise dos estudos de caso prestarase atención á evolución das aprendizaxes do alumnado co fin de atender e resolver as súas dúbidas referidas á materia.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Portafolio de actividades. Para sumar apartados: cualificación mínima de 1,25 sobre 2,5 puntos.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B10 B12	C11 C16 C17	D1 D2 D3 D7 D9 D14 D15 D16 D18 D22
Aprendizaxe baseado en proxectos	Proxecto de innovación/investigación Para sumar apartados: cualificación mínima de 1,25 sobre 2,5 puntos.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B10 B12	C11 C16 C17 C22	D1 D2 D6 D7 D8 D9 D14 D15
Estudo de casos	Portafolio de actividades. Para sumar apartados: cualificación mínima de 0,75 sobre 1,5 puntos.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B2	C11 C16 C17 C22	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D15 D16 D18
Exame de preguntas de desenvolvemento	1ª parte do exame: preguntas de relacionar. Para sumar ambas as partes do exame: cualificación mínima de 0,75 sobre 1,5 puntos	15	A1 A3	B10	C7 C9 C16 C17	D2 D7 D8 D9
Resolución de problemas e/ou exercicios	2ª parte do exame: supostos prácticos. Para sumar ambas as partes do exame: cualificación mínima de 1,25 sobre 2,5 puntos.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B2	C7 C9 C11 C16 C17 C22	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D14 D15 D16 D18 D22

### Outros comentarios sobre a Avaliación

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para dar resposta a calquera tipo de diversidade presente entre o alumnado da materia, e, de xeito especial, o de aquel aquel adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Na **convocatoria ordinaria**, para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá alcanzar a puntuación mínima de 5 puntos totais, realizar en prazo todas as actividades así como cumprir os seguintes requisitos:

- **Alumnado asistente.** O *itinerario ordinario*, é dicir, a avaliación continua, é posible para aquel alumnado que teña,

como mínimo, o 80% da asistencia e unha participación activa na aula. Neste caso, para poder sumar todas as puntuacións, é imprescindible alcanzar unha calificación mínima na proba escrita (2 sobre 4), na aprendizaxe baseada en proxectos (1,25 sobre 2,5), nos estudos de caso (0,75 sobre 1,5) e nos seminarios (1 sobre 2). De alcanzarse as puntuacións mínimas esixidas, a calificación global sobre 10 puntos será a suma das notas parciais. A proba escrita está composta por dous partes. A primeira parte (15%) corresponde ao desenvolvemento de preguntas de comprensión e relación entre conceptos da materia, e a segunda parte (25%) á aplicación e transferencia teórico-práctica dos diversos contidos. Para poder sumar ambas as partes é necesario alcanzar unha calificación mínima na primeira parte (0,75 sobre 1,5) e na segunda parte (1,25 sobre 2,5).

- **Alumnado non asistente.** O *itinerario alternativo* é para aquelas persoas que, por razóns debidamente xustificadas, teñan máis dun 20% de ausencias a clase ou que, aínda cunha porcentaxe inferior de ausencias, non entregasen reiteradamente en tempo e forma os traballos que permitan avaliar o logro das competencias propias da materia. O alumnado que se atope nesta situación será cualificado coa nota da proba escrita, a aprendizaxe baseada en proxectos, os estudos de caso e os seminarios. O exame será o mesmo e nas mesmas condicións que o alumnado asistente. Se deberán realizar os traballos de forma individual e a entrega dos mesmos será na data oficial de realización da proba de exame. A calificación dos traballos se realizará con idéntico criterios aos utilizados co alumnado asistente.

En caso de non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo. Aquel alumnado (asistente ou non asistente) que suspenda, non alcance o mínimo esixido ou non teña puntuación terá unha **convocatoria extraordinaria** na cal se poderán recuperar os apartados pendentes (proba escrita e/ou traballos) nas mesmas condicións de calificación e a mesma proporcionalidade que na convocatoria ordinaria. É dicir, as partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso.

Aquel alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, estará exento en convocatorias sucesivas de avaliar as partes superadas. É dicir, as partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso.

Os materiais obrigatorios para preparar a materia, especialmente a proba escrita, son os documentos correspondentes a cada tema (temas, presentacións) xunto coas aprendizaxes das sesións teórico-prácticas.

A efectos avaliativos, un mesmo traballo non pode ser utilizado para outras materias e si este non cumpre os aspectos formais esixidos (en especial, citación incorrecta de autorías ou plaxio) será rexeitado.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social, no espazo datas de exames: <http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Banks, M., **Los datos visuales en la investigación cualitativa**, Morata, 2010

Blaxter, L. et al., **Cómo se investiga**, Graó, 2008

Contreras, J. y Pérez de Lara, N., **Investigar la experiencia educativa**, Morata, 2010

Escudero Escorza, T. y Correa, P., **Investigación en innovación educativa**, La Muralla, 2007

Fullan, M., **Los nuevos significados del cambio en la educación**, Octaedro, 2002

Gairín, J. Gómez, J. A. y Pérez, R., **Innovación de la educación y de la docencia**, Ramón Areces, 2009

### **Bibliografía Complementaria**

Jakku-Shivonene, Ritva ; Niemi, Hannele (Ed.), **Aprender de Finlandia. La apuesta por un profesorado investigador**, MEC, 2011

Medina Rivilla, A. y otros, **Innovación de la educación y de la docencia**, Editorial Universitaria Ramón Areces / UNED, 2009

Townsend, T. (Ed.), **International Handbook of School Effectiveness and Improvement**, Springer, 2007

Ballesteros Velázquez, B., **Investigación social desde la práctica educativa**, 1, UNED, 2019

Bisquerra Alzina, R., **Metodología de la investigación educativa**, 1, La Muralla, 2019

Hernández-Sampieri, R., Fernández-Collado, C. y Baptista Lucio, P., **Metodología de la investigación**, 1, McGraw-Hill, 2014

Hernández-Sampieri, R. y Mendoza-Torres, C. P., **Metodología de la investigación: las rutas cuantitativa, cualitativa y mixta**, 1, McGraw-Hill, 2018

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Prácticas externas: Practicum/O05G120V01981

Traballo de Fin de Grao/O05G120V01991

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/O05G120V01202

---

### **Outros comentarios**

Recoméndase a asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentales.

O alumnado non asistente debe comunicar ao docente, durante o primeiro mes de clase, a súa intención de optar polo itinerario alternativo e concertar unha tutoría personalizada.

A comunicación entre os estudantes e a docente realizarase mediante os foros habilitados para dúbidas académicas. As cuestións persoais serán tratadas mediante o correo electrónico institucional.

Recoméndase aos estudantes o dominio da plataforma de aprendizaxe institucional, MooVi, para poder cursar con aproveitamento a materia.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos obxectivos de sustentabilidade (ODS)

---